



Decreto XXX, do XXX de XXX, polo o que se regula a colaboración das entidades de crédito na recadación dos ingresos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, regula no seu artigo 60 que o pago en efectivo das débedas tributarias poderá realizarse polos medios e na forma que regulamentariamente se establezan. Así mesmo o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, sinala no artigo 34 o cheque, a tarxeta de crédito e débito a transferencia bancaria e a domiciliación bancaria como medios de pago que poden ser empregados cos requisitos e condicións que para cada un deles establécense neste regulamento e seguindo os procedementos que se dispoñan en cada caso.

Así mesmo, a comunicación por medios electrónicos dos cidadáns coas Administracións Públicas, e en concreto a posibilidade de efectuar pagos por medios electrónicos, constitúe un dereito recoñecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que require que se articulen os medios precisos que fagan posible o seu exercicio.

O artigo 91 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia prevé que os medios de pago admisibles polas caixas da Tesourería poderán consistir en diñeiro de curso legal, cheques nominativos, xiros, transferencias ou calquera outro medio de pago legalmente establecido.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, atribúe á mesma as competencias e funcións que en materia de facenda establécense no Estatuto de autonomía, exercéndose a través da Axencia Tributaria de Galicia (en adiante Atriga) as funcións de xestión recadatoria dos ingresos de dereito público, de acordo co disposto no Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e apróbase o seu estatuto.

Actualmente, os progresos xerais tecnolóxicos e de mercado no ámbito dos pagos, en constante renovación, deu lugar á aparición de novos medios alternativos aos tradicionais como son o uso xeneralizado de tarxetas de crédito e débito que presentan a novidade da





súa potencial utilización a través de internet mediante sistemas informáticos xestionados polas entidades financeiras (TPV virtual) ou mediante hardware asociado a un lector da tarxeta (datafonos ou TPV físico).

Así, con obxecto de simplificar e facilitar o cumprimento das obrigacións fiscais, considerase conveniente fomentar o pago de débedas utilizando para iso tarxetas de crédito ou de débito, en condicións de comercio electrónico, mediante a implantación dun TPV.

Esta nova modalidade de pago xunto co feito de que na actualidade nas delegacións da Axencia Tributaria de Galicia non exista entidade colaboradora que asuma funcións en materia recadatoria debido a resolución, de común acordo, dos convenios de colaboración subscritos a tal efecto pola Consellería de Economía e Facenda, a instancia das entidades financeiras asinantes dos mesmos, motiva a derogación do Decreto 104/2006, do 22 de xuño, polo que se regula a colaboración das entidades de crédito na recadación dos ingresos xestionados pola Consellería de Facenda.

En consecuencia, a proposta do Consellerio de Facenda, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, cos preceptivos informes favorables e previa deliberación do Consello de la Xunta de Galicia, na súa reunión do día xxx de xxxx de xxxx,

DISPOÑO:

Artigo 1. Ingresos xestionados pola Atriga nas entidades colaboradoras.

O pago das débedas tributarias e outros ingresos de dereito público xestionados pola Atriga poderá realizarse a través de calquera das entidades de crédito autorizadas por aquela para colaborar na recadación sen prexuízo do establecido no seguinte artigo.

Artigo 2. Pagos con tarxeta de débito ou crédito mediante un sistema Terminal Punto de Venda (TPV) físico ou virtual

O pago daquelas débedas que conforme á normativa vixente poidan ser pagadas a través da Oficina Virtual da Axencia Tributaria de Galicia poderá ser efectuado mediante tarxetas





de crédito ou débito e en condicións de comercio electrónico seguro mediante un sistema Terminal Punto de Venda (TPV) virtual e, no caso de pago de forma presencial, este poderá ser efectuado mediante un Terminal Punto de Venda (TPV) físico en calquera das delegacións da Atriga. A prestación deste servizo requirirá a contratación do devandito servizo cunha entidade de crédito.

Na entidade coa que se contrate o servizo abriranse as contas na que se ingresarán os pagos recibidos. Ditas contas clasificaranse conforme ao previsto na disposición xeral 1.2 da Orde do 21 de xuño de 2006 pola que se regulan os procedementos de xestión recadatoria e a actuación das entidades colaboradoras. Para o ingreso dos devanditos pagos estarase ao procedemento regulado na citada orde.

Disposición derogatoria. *Derogación normativa.*

Derrógase o Decreto 104/2006, do 22 de xuño, polo que se regula a colaboración das entidades de crédito na recadación dos ingresos xestionados pola Consellería de Facenda.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de facenda para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento das previsións contidas neste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

